


- Porque o galego, fillo do latín e irmán do castelán, do francés, do italiano, do catalán e de tantas outras linguas é unha parte fundamental de todas as persoas que nacemos ou vivimos nesta terra chamada Galicia.



- Porque o galego foi e é a lingua da maioría dos nosos pais e das nosas nais, dos nosos avós e avoas, dos nosos bisavós e demais devanceiros.



- Porque se as nenas e os nenos de hoxe non o falan, dentro duns anos non o falará ninguén e acabará por desaparecer.



É a túa responsabilidade. Non o deixes morrer.

E porque... (escribe aquí as túas razóns)

-
-
-

Podes descargar este tríptico desde a web da EOI de Pontevedra na sección do Departamento de Galego

Axúdanos a difundilo!

Por que é bo que os nenos e as nenas aprendan ben o galego?



Equipo de Dinamización da Lingua Galega



- Porque segundo as persoas expertas en aprendizaxe de linguas, aos nenos e ás nenas que aprenden de pequenos dúas linguas (galego e castelán, por exemplo) despois resultalles moito máis fácil aprender outras (inglés, francés, alemán...)




- Porque unha nena ou un neno pequeno é capaz de aprender como mínimo dúas linguas ao mesmo tempo sen problema ningún.

O importante é que a persoa adulta lle fale sempre na mesma lingua. Por exemplo, o pai sempre en castelán e a nai sempre en galego, ou á inversa.

Con todo, aínda que os dous lle falen en galego, o castelán vaino aprender tamén a través doutros parentes, doutros nenos, da escola, da TV etc.

- Porque aínda que nos primeiros anos mixture palabras das dúas linguas, a partir dos 6 ou dos 7 vai diferenciar perfectamente o galego e o castelán.


- Porque o galego é unha lingua tan rica, culta, útil e moderna coma calquera outra.



- Porque as persoas que saben galego pódense comunicar facilmente con 280 millóns de persoas de lingua portuguesa (de Portugal, do Brasil, de Angola, de Mozambique etc.)

Isto fai que as posibilidades profesionais para traballar con persoas destes países se amplíen notablemente (médicos/as, enxeñeiros/as, empresarios/as...)

- Porque os mozos e as mozas que na infancia aprenderon o galego na casa ou na escola tamén aprenderon o castelán sen problema ningún, pero a maioría dos que só aprenderon o castelán, agora non son quen de falar e de escribir en galego con soltura.



- Porque segundo todos os estudos actuais e imparciais feitos sobre a evolución do galego, cada vez son máis os nenos/as e mozas/os que non saben falar en galego.

Compárense por exemplo os datos publicados polo Instituto Galego de Estatística (www.ige.eu) sobre a porcentaxe da infancia de Galicia que **non sabe falar en galego**:

- en 2003 10,74 %
- en 2008 12,34 %
- en 2018 23,90 %

E esta tendencia continúa acelerándose!